

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA CUALIFICACIÓN POSITIVA

4º ESO

Léxico / Vocabulario

- Relacionado cos temas tratados: actividades ao aire libre, a moda, os alimentos, as películas, adxectivos cualificativos, profesións, lugares de traballo, adxectivos para describir os sentimentos, os estados de ánimo e a personalidade, animais e adxectivos para describilos, as casas e os obxectos que hai nelas, deportes e o seu equipamento, comidas, ingredientes e sabores, tecnoloxía, delincuencia e arte.
- *False friends* e a tradución en lingua propia.
- Fórmulas e expresións relacionadas coas funcións lingüísticas mencionadas vistas no seguinte apartado.

Estrutura e funcións da lingua

- Saudar, presentarse a si mesmos e intercambiar información persoal. Expresar gustos e preferencias. Contraste *Present Simple / Present Continuous*; as expresións temporais que os acompañan; os adverbios de frecuencia; as estruturas **like, love, I'm crazy about ..., My favourite ...**, etc (unidade de introdución).
- Expresar feitos do pasado. Describir hábitos pasados. O *Past Simple* e as expresións temporais que o acompañan; **used to**; as maiúsculas e a puntuación (unidade 1).
- Expresar accións pasadas. O *Past Continuous* e as expresións temporais que o acompañan. Contraste *Past Simple / Past Continuous*; a orde correcta das palabras na oración (unidade 2).
- Expresar feitos pasados relacionados co presente. O *Present Perfect Simple*; as expresións temporais **just, already, never, ever, yet, for** e **since**; Contraste *Past Simple / Present Perfect Simple*; facer unha lista de ideas sobre o tema antes de empezar a escribir (*brainstorming*) (unidade 3).
- Describir procesos e cambios. A voz pasiva en presente e en pasado e as expresións temporais que a acompañan; escribir unha boa introdución que presente o tema do que trate o texto (unidade 4).
- Facer predicións e expresar intencións. O futuro con **will, be going to**, o *Present Continuous* con valor de futuro e as expresións temporais que o acompañan; o primeiro e segundo condicional; escribir un bo final que resuma a idea principal (unidade 5).
- Transmitir as opinións e ideas dos demais. O estilo indirecto. Ampliar a idea principal no corpo do parágrafo evitando a información innecesaria (unidade 6).
- Describir e identificar persoas, lugares e cousas. Os pronomes relativos nas oracións especificativas; os pronomes indefinidos compostos a partir de **some** e **any**; as conxuncións **and, but, because, so** e **or**; os pronomes e adxectivos posesivos para evitar a repetición de substantivos (unidade 7).
- Expresar posibilidade, probabilidade, obriga e certeza. Facer recomendacións. Os modais: **can, could, must, mustn't, should, have to, don't / doesn't have to, may, might** os conectores de secuencia **first, then, next, after (that), before, later** e **finally** (unidade 8).
- Expresar preferencias e opinións. Facer comparacións. Os adxectivos en grao comparativo e superlativo; **like, love, don't mind, dislike / don't like, hate** -todos eles seguidos de xerundio; repaso do escrito para detectar erros (unidade 9).